

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS DE PROTECCIÓN ANIMAL PARA GASTOS DERIVADOS DA XESTIÓN DE ANIMAIS PROCEDENTES DOS CENTROS DE ACOLLIDA DA REDE PROVINCIAL, PARA O EXERCICIO 2026

Extracto da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a asociacións de protección animal para gastos derivados da xestión de animais procedentes dos centros de acollida da rede provincial, para o exercicio 2026

BDNS (Identif.): 910603

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/910603>) De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a asociacións de protección animal para gastos derivados da xestión de animais procedentes dos centros de acollida da rede provincial, para o exercicio 2026, cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios:

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria aquelas asociacións de protección animal, legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos animais de Compañía e que teñan subscrito o convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e as asociacións de protección e defensa dos animais para a participación na xestión da rede provincial de centros de recollida de animais abandonados.

Segundo. Obxecto:

O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión, por parte da Deputación Provincial de Ourense, de subvencións para sufragar os gastos derivados da xestión de animais procedentes dos centros de acollida da rede provincial, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrència competitiva, no exercicio 2026.

2. Para os efectos desta convocatoria, poderán ser obxecto de subvención, as seguintes actuacións:

- Adopción directa ou mediación na adopción por terceiros de animais procedentes de calquera dos centros de acollida da Rede Provincial.
- Acollida temporal, ata o momento da adopción definitiva de animais que requiran atención e/ou coidados especiais, cuxa conveniencia se estime por parte da Rede Provincial.
- Acollida de femias paridas e as súas camadas, ata o momento da adopción.
- Acollida de cachorros recollidos sen nai.
- Acollida de gatos.



3. Queda excluído desta axuda todo material inventariable.

Terceiro. Bases reguladoras:

Acordo da Xunta de Goberno do 1 de xuño de 2026 polo que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para sufragar os gastos derivados da xestión de animais procedentes dos centros de acollida da rede provincial, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva, no exercicio 2026.

Cuarto. Importe:

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 16911/48006 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2026.

A contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións é de 25.000,00 euros.

A contía da subvención estará en función do custo das actuacións, sendo o máximo establecido a conceder de 12.500,00 euros por beneficiario. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total das actuacións a desenvolver polo/a beneficiario/a.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo improrrogable de presentación iniciarase a partir da publicación pola Base de Datos Nacional de Subvencións e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e rematará o 30 de setembro de 2026, sendo este o derradeiro día no que poderán presentarse validamente as solicitudes.

Deputación de Ourense, 3 de xuño de 2026. O Presidente.

Asdo.: Luis Menor Pérez.

R. 1.322

